



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA AGENCIA TURISMO DE GALICIA Y LAVINIA SELECCIÓN, S.L.U., RELATIVO A CAMPAÑA DE PROMOCIÓN "CINCO GALLEGAS EN MADRID Y PARÍS" A TRAVÉS DE LOS ESTABLECIMIENTOS QUE LA FIRMA TIENE EN LAS CIUDADES DE MADRID Y PARÍS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa empresa Lavinia España Selección, S.L.U., en adelante Lavinia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Lavinia para a organización da campaña de promoción turística, nas tendas da firma Lavinia de Madrid e París, cuxo eixo de comunicación virará ao redor das 5 denominacións de orixe vitivinícolas galegas; Rías Baixas, Ribeiro, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras. Esta campaña chamarase "Cinco Gallegas en Madrid" e "Cinq Galiciennes à Paris".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, creada como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do





turismo dentro da comunidade, e ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo. A tal efecto, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que Lavinia creouse en 1999 para presentar un concepto revolucionario no ámbito da distribución do viño: un espazo que supera o modelo da enoteca tradicional porque aborda o tratamento do viño desde unha perspectiva cultural, enfocada ao consumidor final cunha filosofía na que conviven os aspectos pedagóxicos, a experiencia de compra e o respecto polo viño.

Lavinia presentou o seu primeiro espazo en París, no Boulevard da Madeleine, cunha superficie de 1.200 m² e unha selección de máis de 6.500 referenzas, tendo o galardón de ser a tenda de viños máis grande de Europa. Trala súa espectacular irrupción no mercado francés, proseguíu o seu crecemento, inaugurando desde entón establecementos en Ginebra, Kiev, o centro comercial A Moraleja Green, Odessa. En 2011 inaugurou a súa segunda tenda en París (no Centro Comercial de CNIT, na Défense) e en 2012 abriu a súa terceira tenda en Madrid (no Centro Comercial Gran Plaza 2 de Majadahonda). Desde fai 5 anos, Lavinia está tamén presente nos aeroportos máis importantes de España (Barajas, El Prat, Málaga, Alicante, Bilbao...).

Con todos estes espazos consagrados ó viño, Lavinia lidera o sector vinícola en Europa con máis de 250.000 clientes anuais nas súas tendas e vendendo unha media de máis de 1.200.000 botellas ao ano.

Terceiro.- Así mesmo, Lavinia España Selección, S.L.U. é a única entidade que pode desenvolver este proxecto vinculado á promoción conxunta das 5 denominacións de orixe vitivinícolas galegas e a dita entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

